




Deputación
Pontevedra

Nº 1



FORO DE INICIATIVAS LOCAIS

Innovación para o desenvolvemento
empresarial e do emprego



CAMBADOS

- NOVIEMBRE DE 2012 -

www.depo.es



Equipo G4plus de Análisis,
Diagnóstico y Diseño Estratégico
Universidade de Vigo

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo integrado por: Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados.

Índice

1.	PRÓLOGO	4
2.	INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO	5
3.	INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE CAMBADOS....	8
A.	Principais recursos infraestruturais do Concello de Cambados.....	8
•	Infraestruturas de Comunicación:.....	9
•	Infraestruturas Empresariais:.....	9
•	Infraestruturas Sanitarias e Educativas.....	10
•	Outras infraestruturas do Concello de Cambados	11
B.	Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.....	12
•	Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Cambados	12
•	Caracterización Social do Concello de Cambados.....	13
C.	Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Cambados.	17
•	Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Cambados.	17
•	Asociacionismo e cooperación empresarial en Cambados:.....	26
D.	Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación	27
•	Centros de I+D+i no entorno de Cambados	27
•	Algúns proxectos de I+d+i empresariais en Cambados.....	28
4.	PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE CAMBADOS.....	29
A.	Principais datos sobre o emprendemento en Galicia	29
B.	Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Cambados..	31
5.	SÍNTESE DO FORO CELEBRADO EN CAMBADOS.....	34
A.	Intervencións dos Compoñentes da Mesa.....	34
B.	Intervencións derivadas do Coloquio.....	36
C.	Cadro resumo do Foro	38

ANEXO

- I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Cambados

1. PRÓLOGO

A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excm. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundizar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a celebración de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.



D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

2. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a introdución de elementos innovadores xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e competitividade empresarial, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.



Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as iniciativas de desenvolvemento local, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxeos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.

Así, a través da identificación dos recursos e capacidades da área local de Cambados, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais pretende xerar un espazo de dinamización e participación a nivel local, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.

En canto á estrutura do foro, espérase unha duración máxima de dúas horas dende o inicio. Así durante os primeiros 50 minutos, intervirán os compoñentes da mesa coa finalidade

de resaltar as potencialidades e espazos posibles de innovación na área. A continuación, na segunda parte da sesión, porase en marcha un coloquio orientado á xeración de propostas concretas, a máis de identificar o papel que debe desempeñar a Administración Pública para impulsalas.



1ª PARTE INTERVENCIONS DA MESA (45-50 MINUTOS):

Orientadas a resaltar as potencialidades e espazos de innovación da área.



2ª PARTE- COLOQUIO: (50- 60 MINUTOS):

Orientada á xeración de propostas concretas e a definir o papel que debe desempeñar a Administración Pública para impulsalas.

Os axentes que formarán parte da mesa do Foro de Iniciativas Locais de Cambados son os que se recollen na táboa seguinte:

Entidade	Persoa
Deputación de Pontevedra	D. Rafael Louzán Abal
Concello de Cambados	D. Luís Aragunde Aragunde
Universidade de Vigo	D. Pedro Figueroa Dorrego
Adegas Martín Códax	D. Juan Vázquez Gancedo
Pensión – Vinoteca Ribeira de Fefiñáns	D. José Aragunde Soutullo

En canto ó proceso de traballo seguido para levar a cabo este foro, durante os meses de setembro e outubro tiveron lugar as tarefas de organización xeral, así como de elaboración do presente informe previo. Así mesmo unha vez celebrado o Foro de Iniciativas Locais do Concello de Cambados, elaborárase un informe final, onde se recollerán as principais aportacións e conclusións extraídas da sesión.



Así mesmo, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais complementarase coa celebración doutros foros, noutras localidades da Provincia de Pontevedra de entre 13.000 e 40.000 habitantes, para acadar unha maior continuidade da iniciativa e unha maior repercusión dos seus obxectivos.

3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE CAMBADOS

A. Principais recursos infraestruturais do Concello de Cambados.

A **vila de Cambados** sitúase no noroeste da provincia de Pontevedra, dentro da Comarca do Salnés e é un dos municipios cuxas costas están bañadas pola Ría de Arousa, tal e como se amosa no mapa posterior. Segundo o Instituto Galego de Estatística a vila de Cambados conta cunha extensión de **23,4 km²**, e pertence á Mancomunidade de municipios do Salnés.



Cambados conta polo tanto cunha ubicación estratéxica, a menos dunha hora de catro grandes núcleos de poboación galegos como son Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Santiago e Vigo. A máis, está moi próximo a dous dos grandes centros receptores de turismo de Galicia, pertencentes tamén á Comarca do Salnés: Sanxenxo e O Grove, e a máis tamén está próximo a dúas cidades receptoras de turismo histórico como son Pontevedra e Santiago de Compostela.

Por outra banda destaca tamén a súa proximidade a un dos grandes nodos de transporte de mercancías de Galicia, o Porto de Vilagarcía de Arousa, a aproximadamente 12

km. Erixíndose o propio municipio nun importante porto de pesca fresca e de marisqueo. Por todo isto, pódese dicir que Cambados é un enclave estratéxico, no só dentro da súa comarca, senón tamén dentro da provincia de Pontevedra e de toda Galicia.

Á hora de falar das infraestruturas que posúe o municipio de Cambados, divídanse estas en: Infraestruturas de comunicación, Infraestruturas empresariais e Infraestruturas Sanitarias e Educativas

- ***Infraestruturas de Comunicación:***

Polo que se refire ás infraestruturas de acceso á vila, Cambados está conectado coa AP-9, a través da Autovía do Salnés (AG-41). A través do ferrocarril a estación de viaxeiros máis próxima é a de Vilagarcía de Arousa a 19km, e tamén existe a posibilidade de chegar a Cambados a través do aeroporto de Peinador en Vigo a 60km, ou do aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela a 73 km. Destaca tamén a existencia dun porto con potencial para o turismo de cruceiros a 11 km, como é o porto de Vilagarcía de Arousa.

Por outra banda, Cambados dispón dunha estación de autobuses no centro da vila, que a conecta directamente con cidades como Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, así como con puntos neurálxicos da propia comarca do Salnés como Vilagarcía, Sanxenxo ou O Grove. Do mesmo modo, Cambados conta tamén cun servizo continuo de taxis.

- ***Infraestruturas Empresariais:***

No tocante ás infraestruturas empresariais coas que conta o Concello de Cambados, destaca a existencia dun polígono empresarial, o polígono industrial 7 Pías, onde segundo as informacións municipais, están instaladas 72 empresas que xeran unha cantidade aproximada de 700 postos de traballo. A superficie total deste polígono é de 285.068 m², dos cales 193.147 son de uso industrial e os restantes 36.479 están adicados a zonas verdes. Conxuntamente co polígono de Cabanelas, pertencente ó Concello de Ribadumia, forman o Polígono do Salnés, cuxa extensión acada os 500.000 m².

En canto á tipoloxía de empresas que alí teñen o seu lugar de traballo, a gran maioría son empresas do sector dos transformados do mar (conservas, depuradoras e cocedoiros) e da construción. Aínda que tamén é importante o número de empresas do sector madeireiro e do sector metalúrxico.

Polo que respecta ós accesos ó Polígono 7 Pías, este é accesible directamente a través da PO-300 que une O Mosteiro con Cambados, ou pola estrada local de Cabanelas. A máis o enlace coa AP-9 atópase a 11 Km, distancia á que tamén se atopa a terminal de carga ferroviaria de Portas e o Porto de Vilagarcía de Arousa, importante fluxo de mercancías na zona.

Por outra banda, e en canto ás infraestruturas destinadas ó fomento do emprendemento, destaca que no entorno máis próximo, a menos de 12 km, no Concello de Vilagarcía de Arousa, existe un viveiro empresarial dependente da Cámara de Comercio e que conta con case 480m² construídos, nos que emprazan 10 despachos, unha sala de xuntas e unha aula de formación. Ademais os emprendedores que decidan iniciar a súa andaina empresarial nestas infraestruturas, contan co apoio da Cámara de Comercio en materia de asesoramento xurídico, laboral, fiscal e sobre subvencións e axudas, e co acceso preferente a cursos e xornadas da propia entidade.

- ***Infraestruturas Sanitarias e Educativas***

Centrándose nas infraestruturas sanitarias, en Cambados existe un centro de atención primaria, no que prestan servizos 50 persoas, dos cales 16 son médicos de medicina xeral e 3 son pediatras. A máis, tamén existe un centro sanitario privado. Feito destacable, é neste senso que a tan só 12 km, en Vilagarcía de Arousa, se atopa o Hospital Comarcal do Salnés que na actualidade conta con máis de 100 camas. Tamén é de destacar o feito de que no propio Concello de Cambados, no barrio de Santo Tomé, existe unha residencia de anciáns, oferta que se completa coa presenza nos concellos limítrofes do Salnés, con outros centros deste tipo, acumulando así máis de 370 prazas para anciáns.

Por outra banda, en canto os centros educativos, en Cambados existen un total de 11 centros, dos cales 3 son Escolas de Ensinanza Infantil (EEI), 5 son Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e 2 son Institutos de Ensinanza Secundaria (IES). Existe ademais un centro educativo onde é posible cursar ensinanzas dende infantil a secundaria.

Polo que respecta ó número de alumnos matriculados nestes centros, segundo se amosa na Táboa 1, son case 2.500 os alumnos que cursan estudos no municipio de Cambados, pertencendo a maioría deles a educación primaria e secundaria obrigatoria.

Táboa 1
Alumnos matriculados segundo tipo de ensinanza. Curso 2010/2011

Tipo de Ensinanza	Número
Educación infantil	433
Educación primaria	820
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	736
Bacharelato ordinario	249
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	95
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	65
Programas de cualificación profesional inicial	12
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	49
TOTAL	2.459

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Esta oferta, complétase coa existencia para os máis cativos dunha gardería municipal que oferta 142 prazas, a máis dunha gardería privada e doutras garderías públicas e municipais ubicadas nos concellos limítrofes e da área comarcal do Salnés, como as pertencentes á rede de garderías “A Galiña Azul” da Xunta de Galicia, sitas en Vilagarcía de Arousa e en Vilanova de Arousa, ou as garderías municipais de Meaño, Sanxenxo, Ribadumia ou Meis.

Finalmente, tamén compre mencionar no eido dos estudos superiores a posibilidade de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grado, posgrao e doutorado nun entorno próximo en institucións como a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo. Ademais tamén é importante a presenza na cidade de Vigo, dunha entidade como é a Escola de Negocios NovaCaixaGalicia que ofrece formación específica para directivos empresariais actuais e futuros, profundado na mellora da competitividade da empresa galega a través dos seus cadros de mando.

- ***Outras infraestruturas do Concello de Cambados***

Finalmente, á hora de realizar unha análise das infraestruturas que posúe o Concello de Cambados, non se poden esquecer as infraestruturas de tipo máis lúdico deportivo, ou culturais como poden ser as bibliotecas, das que Cambados posúe 5 integradas na rede de bibliotecas de Galicia con preto de 3.500 usuarios.

Do mesmo xeito no eido deportivo, este municipio conta cun total de nove pistas polideportivas, unha piscina ó aire libre , un ximnasio e un complexo polideportivo. Tamén no eido social Cambados conta con recursos infraestruturais, pois alberga 8 casas da cultura, a mais dunha ampla rede de parques e xardíns.

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.

• *Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Cambados*

Polo que respecta ó patrimonio histórico –cultural, Cambados, ten como insignia do mesmo a Praza de Fefiñáns, presidida por un pazo que recibe o mesmo nome. A parte deste pazo que se eleva como el referente, en Cambados existe un gran número de **casas de avoengo e pazos** como a Casa dos Fajardo, o Hospital Real e incluso o Parador Nacional de Turismo do Albariño.

Dentro dos límites deste municipio, nun pequeno islote denominado como “*da Figueira*” distínguese a figura da Torre de San Sadurniño que foi levantada na Alta idade media como faro e torre vixía e da cal actualmente se conserva parte da súa silueta.

En canto á **arquitectura relixiosa** destacan as ruínas da Igrexa de “Santa Mariña” que constitúe un claro exemplo do gótico mariñeiro, cuxos restos foron declarados Monumento Nacional no ano 1943, e hoxe en día acollen un cemiterio. Cerca destas ruínas atópase a capela da Pastora no monte que recibiu o seu nome.

Polo que respecta, á **cultura e tradición** deste municipio destaca a enorme **tradición vitivinícola da zona**, en torno á que se articularon numerosos festexos, como a Festa do Albariño que foi declarada de Interese Turístico Nacional. Pero a cultura vitivinícola da vila considerada como o “berce do albariño” non queda só en festexos populares, senón que existe toda unha rede cultural dedicada a este viño, como por exemplo o museo etnográfico do viño, que amosa o recorrido pola historia, o arte, a xeografía e a cultura do municipio, así como todos os aspectos da Denominación de Orixe Rías Baixas . Tamén existe unha pequena ruta polas bodegas de albariño do municipio, que da a coñecer este produto ós visitantes. Outros museos que completan a **rede cultural** do municipio de Cambados son a casa de Ramón Cabanillas, a casa do pescador, e el museo do “muíño da seca”. Neste senso, tamén destacan as rutas ligadas ó turismo mariñeiro como a ruta do marisqueo, na que os visitantes baixan á praia para observar e coñecer a labor das mariscadoras galegas, ou a ruta do porto de Cambados que fai un percorrido a través da lonxa, o porto e as depuradoras da zona, amosando ós visitantes o funcionamento de todo o proceso pesqueiro.


Finalmente, Cambados tamén conta con amplas **zonas naturais** incluídas na rede de Espazos Protexidos de Galicia. Entre estes, destaca o complexo intermareal Umia – O Grove, declarado como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). Desta forma, existen varias rutas de sendeirismo promocionadas dende o propio Concello, como a “Ruta dos Mazaricos” ou a “Ruta

dos Lavancosa” entre outras, de gran interese para a observación da flora e a fauna do lugar, especialmente destacados son os lugares para a observación das aves no seu hábitat natural.

- ***Caracterización Social do Concello de Cambados***

A vila de Cambados conta segundo o censo do ano 2011 con 13.946 habitantes. De entre esta poboación segundo o Anuario Socioeconómico de Caja España, o 2.8% son estranxeiros, pertencendo a gran maioría deles a Unión Europea. No tocante a cómo evolucionou a poboación nos últimos cinco anos, cumpre dicir, que segundo o que se amosa na Figura 1, dende o ano 2005 a poboación cambadesa non deixou de medrar, incrementándose aproximadamente nun 2%.


Figura 1
Evolución da poboación 2005-2010



Fonte: Anuario 2012 La Caixa

En canto á distribución da poboación no territorio, segundo os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, esta sitúase nos 596 habitantes por km², unha das máis altas de Galicia, que posúe unha densidade media de 91 habitantes por km². Do mesmo xeito, esta densidade poboacional de Cambados, non deixou de medrar dende o ano 1.998, cando se situaba en torno ós 552 habitantes por km², o que revela un crecemento ata a actualidade dun 8%.


Figura 2
Evolución da densidade de poboación 1999-2011



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Polo que respecta á estrutura da poboación no municipio de Cambados, segundo o que se pode observar na pirámide representada na Figura 3, esta é unha pirámide regresiva, é dicir, cunha base máis estreita có centro e cunha cima relativamente ancha. Esta forma ven a indicar un descenso da natalidade nos últimos anos, o que pode levar a un envellecemento da poboación municipal nas próximas décadas, feito que se confirma cando se analiza o índice de remprazo poboacional que se sitúa no 0.75 (poboación menor de 16/ poboación maior de 65) e indica que a poboación municipal non ten asegurado o remprazo xeracional. Se ben é importante sinalar que a situación de Cambados é mellor ca no conxunto de Galicia, onde o índice de remprazo se sitúa en torno ó 0.50.

Figura 3
Estrutura da poboación 2011



Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Segundo cos indicadores demográficos do municipio de Cambados, na Táboa 2, pódense observar os principais indicadores e a súa evolución. Así, o máis salientable é o feito de que os nacementos se manteñen estables mentres que as defuncións medran paulatinamente, o que ocasiona que o crecemento vexetativo cambadés vexa reducido os seus marxes, aínda que continúa a ser positivo.


Táboa 2
Taxas demográficas 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
Nacementos	143	147	128	145	139
Defuncións	103	136	109	115	116
Crecedemento Vexetativo	40	11	19	30	23

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España-2012


Centrándose nas cifras de poboación activa, Cambados posúe 9.406 persoas que se sitúan nos tramos de idade entre 16 e 64 anos (67,5%), destas segundo o anuario socioeconómico 2012 La Caixa con data do 31 de marzo do ano 2011, preto dun 14% desta poboación activa estaba en paro. Estes datos, como se pode comprobar na Figura 4, sitúan ó municipio de Cambados máis ou menos na media provincial, se ben a porcentaxe de parados sobre a poboación activa é lixeiramente superior á media galega.

Figura 4
Evolución do paro sobre a poboación activa, 2005-2011




Fonte: Anuario Socioeconómico La Caixa 2012

No tocante a cómo afecta o paro ós diferentes sexos son os homes os que presentan unha maior porcentaxe de paro cun 14,7%. Mentres que por grandes grupos de idade o paro afecta claramente máis a aqueles entre os 25 e os 49 anos. (16.3%). Estas mesmas conclusións pódense obter ó analizar os datos provinciais e autonómicos da Figura 5.



Fonte: Elaboración propia a partir do anuario Socioeconómico La Caixa 2012

Pese a isto, segundo os datos máis actualizados dos que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), a data de abril de 2013 as persoas en situación de desemprego no municipio de Cambados ascenden a 1.795 o que supón o 19,52% da poboación potencialmente activa. Por sectores, e segundo se amosa na Figura 6, o sector que rexistra un maior número de parados é o de servizos con 891 persoas, mentres que pola contra o sector da agricultura é o que rexistra menos paro neste concello.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Cambados.

- *Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Cambados.*

Centrándose na caracterización económica do Concello de Cambados, o primeiro dato que se analiza é o número de empresas que alí se asentán. Así, no ano 2010 segundo o IGE un total de 1.133 empresas tiñan actividade en Cambados. Destas segundo se pode comprobar na Figura 7, máis da metade eran empresas sen asalariados e case 25% só posúen entre 1 e 2 persoas asalariadas. Estas cifras, moi en consonancia coas galegas, denotan a importancia que as pemes e micropemes teñen dentro da economía local (para ver a evolución das cifras consultar a táboa 1 do Anexo II).



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que concirne á cómo evolucionou ata o momento o censo empresarial do municipio de Cambados, tal e como se aprecia na Táboa 3 obsérvase que dende o ano 2004, o número de empresas que decide iniciar a súa actividade descendeu un 26%, paralelamente, tamén se produce un notable incremento do número de empresas que decide pechar. Feitos

ambos que levan parellos a redución do número de empresas ubicadas no municipio, así como a destrución de postos de emprego.


Táboa 3
Evolución do censo empresarial 2004-2010

	2004	2006	2008	2010	Var. 04/09
Alta	114	114	132	84	-26%
Permanencia	919	955	1.021	1.049	14%
Baixa	39	110	98	118	203%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto ó sector empresarial con máis peso no municipio de Cambados, segundo se pode comprobar na Figura 8, este é claramente o sector servizos, que representa máis dun 71% do total de empresas da localidade. Por outra banda, no relativo a fórmula xurídica preferida polas empresas de Cambados, máis da metade realizan a súa actividade como persoas físicas, mentres que case un 35% opera baixo unha sociedade limitada.

Figura 8
Proporción de empresas segundo Condición Xurídica e sector de actividade, 2011




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na Figura 9 e na Figura 10 amósanse as principais magnitudes económicas segundo a cadea empresarial á que pertencen (información completada no anexo). Cumpre sinalar que para a elaboración da citada táboa, empregouse como fonte a base de datos de Sistemas de Análise de Balances Ibéricos (SABI), onde só figuran aquelas empresas que teñen a obriga contable de presentar as súas contas no rexistro mercantil. Do mesmo xeito, tamén é importante ter en conta que as empresas que se analizan a continuación son as que teñen a súa sede fiscal e social no propio municipio, de tal forma que pode darse o caso de que existan

empresas que desenvolvan a súa actividade con regularidade no municipio (como por exemplo franquías, ou cadeas de supermercados) que non se contemplan na análise.

Tendo en conta o anterior, teranse en consideración 458 empresas rexistradas no municipio de Cambados, que moven anualmente preto de 280 millóns de Euros, xerando 62 millóns de Euros de Valor Engadido Bruto e empregando a máis de 2.100 persoas. Así, a cadea que presenta unha maior actividade, é a referida á Construción e Promoción Inmobiliaria, que agrupa ó 33,84% do número total de empresas (155) empregando a 462 persoas (21% do total). As empresas que forman esta cadea, facturan en torno ós 35 millóns e medio de euros (12,72% do total), o que supón unha facturación media de 230.000 euros, cunha capacidade de xerar un Valor Engadido Bruto (VEB)¹ de 11 millóns e medio de euros.

Figura 9
Porcentaxe de empresas e facturación segundo a cadea empresarial, 2010




*NOTA: O comercio específico de cada cadea empresarial inclúese dentro da propia cadea. Por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura. De xeito xeral, a base de datos SABI ten rexistradas 99 empresas en Cambados que realizan a súa actividade dentro dos CNAE 46 e 47 de Comercio ó por maior e ó por menor.

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

^NEnténdese por Valor Engadido Bruto (VEB) o valor engadido xerado polo conxunto de produtores/empresas dun territorio, recollendo os valores que se engaden ós bens e servizos nas diferentes etaoas do proceso produtivo. É dicir, mide a riqueza xerada polo sistema empresarial dun territorio.

A seguinte cadea con maior actividade é a de Pesca e Produtos Transformados do mar, derivado da tradición mariñeira e conserveira do municipio. Esta cadea que representa ó 11,35% das empresas da vila (52), factura o 33,56% e xera un valor engadido de 13 millóns de euros. Este dato amosa a fortaleza que esta cadea presenta na vila, pois cun menor número de empresas é capaz de xerar maiores rendementos e empregar á case a mesma cantidade de persoas. Así a facturación media destas empresas é de aproximadamente 1.795.000 euros, cifra claramente superior a rexistrada para as empresas da cadea da Construción e Promoción Inmobiliaria. A máis cumpre sinalar que entre as 20 empresas que máis facturan do concello de Cambados, 12 son empresas asociadas á pesca e produtos transformados do mar, a través de empresas como Bateamar SL, Mariscos Daporta SL ou Mariscos Cordal SL entre outras.

Figura 10
Principais cadeas xeradoras de VEB e Emprego na localidade de Cambados, 2010



Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Seguindo co análise económico financeiro das empresas da vila, a Agricultura, Gandaría e os seus transformados sitúase como a terceira cadea en importancia segundo o número de empresas, e como a segunda en facturación., como consecuencia da importante actividade vitivinícola da zona, amparada baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas. Esta cadea, que representa ó 10% das empresas locais, factura máis de 53 millóns de euros e xera un VEB de 9 millóns, á vez que emprega a máis de 250 persoas. Feito destacable é que a Bodega Martín Códax SL é a empresa que máis factura de Cambados con preto de 16 millóns e medio de Euros, sendo a adega Condes de Albarei a cuarta empresa cunha facturación que rodea os 8,6 millóns de euros.

Finalmente, cumpre sinalar que outras actividades con importancia polo número de empresas con actividade no municipio, son as englobadas nas cadeas de Turismo, Ocio e Relacionados (8,73% das empresas) e de Comercio e Distribución non específica (6,77%), aínda que ningunha empresa destes sectores aparece reflectida entre as que xeran máis ingresos no municipio. Así, tamén é importante resaltar o feito de que ámbalas dúas cadeas vense superadas en facturación e en xeración de VEB tanto pola cadea vinculada ós Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos onde se atopan empresas como Establecementos Otero SL ou Svenska Bearing SL, como pola cadea de Loxística e Transporte onde sobresaen empresas como Nieto Ares SL segunda en facturación do municipio ou Transportes Osara, o que denotaría unha debilidade en canto ós niveis de produtividade das cadeas de Turismo e Comercio non específico, quizais como consecuencia do feito de que algunhas das empresas turísticas máis importantes do Concello de Cambados non teñen a súa sede social ou fiscal no municipio, como pode ser o caso do Parador de Cambados, integrado na Rede de Paradores Nacionais. Do mesmo xeito, tampouco as empresas asociadas a franquías de cadeas de supermercados (Froiz, Erosky, Día, Mercadona...) presentan as contas na localidade e polo tanto, tampouco os seus resultados se reflicten neste informe.

Comparando estas cifras, coas cifras do conxunto da economía galega que se reflicten nas táboas do Anexo II, a economía cambadesa presenta bastantes diferenzas coa galega. Así, no caso da cadea de construción e promoción inmobiliaria aínda que os pesos sobre o total do número de empresas é semellante, a súa importancia é menor no conxunto dos ingresos do municipio de Cambados que no resto de Galicia (12% fronte ó 18%). No caso das cadeas asociadas ás actividades pesqueiras e agrogandeiras e os seus respectivos transformados, o seu peso sobre a economía de Cambados é maior que na Comunidade Autónoma, posto que a pesca supón para Galicia o 8% da facturación total e o 4,5% dos empregos totais fronte o 33% e o 20% de Cambados. No caso da agricultura, aínda que as diferenzas son menores seguen a

ser importantes como así o demostran as porcentaxes que se poden comprobar nas táboas do Anexo Tamén a cadea de loxística e transporte parece ter unha maior importancia na vila de Cambados que no conxunto de Galicia.

En canto ás actividades asociadas ás cadeas de Comercio e distribución non específica e Turismo, ocio e relacionados, a importancia destas en Cambados, está máis ou menos parella á importancia que posúen no conxunto da economía galega.

Por outra banda, a nivel provincial (ver Anexo II), tanto a cadea asociada ás actividades da Construcción e Promoción Inmobiliaria, coma aquelas que están ligadas á Pesca e ós produtos transformados do mar, ó igual que acontecía en Cambados son das máis importantes a nivel de Facturación. Sen embargo, a provincia de Pontevedra tamén ten parte da súa produción económica concentrada sobre a industria da automoción (incluíndo concesionarios e talleres de reparación), que apenas ten incidencia no municipio do Salnés.

Profundizando máis nos aspectos analizados na figura anterior, e para comprobar cal é a contribución de Cambados á Cadea de Agricultura, Gandaría e os seus transformados galega, na Táboa 4 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Cambados case representa ó 1% da cadea galega de agricultura, gandería e os seus transformados. A nivel provincial as cifras son claramente superiores pois Cambados supón o máis do 3% da facturación e do VEB xerado pola devandita cadea e máis do 2% do número de empresas e de empregos.

Táboa 4
Importancia da cadea de Agricultura, Gandaría e os seus
Transformados de Cambados sobre Galicia, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Cambados	53.192€	253	9.808€	46
Pontevedra	1.567.791 €	12.182	265.014 €	1.588
Galicia	5.975.128 €	34.802	988.224 €	4.608
Peso de Cambados sobre o total de Pontevedra	3,39%	2,07%	3,70%	2,89%
Peso de Cambados sobre o total de Galicia	0,89%	0,72%	1,00%	1,00%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto ás explotacións agrícolas rexistradas no Concello de Cambados, estas segundo o IGE son 183, se ben cabe destacar que o seu número viuse reducido dende o ano 1999 cando o número de explotacións agrarias acadaba máis de 1.500. Por outra banda, en canto á superficie destinada a usos agrícolas en Cambados, esta é de 2.416 Hectáreas, das

cales máis do 25% está dedicado a viñedos e aproximadamente o 20% a terras arables. Feito que volve a destacar a importancia que a produción vitivinícola ten para este municipio do Salnés.

Táboa 5
Distribución da superficie agraria 2011

Usos	Hectáreas	%
Horta	0,2	0,01%
Invernadoiros e similares	8,2	0,34%
Terras arables	489,1	20,25%
Frutais	10,8	0,45%
Asociación viñado-frutal	0,2	0,01%
Viñado	608,6	25,19%
Pasteiro	22,3	0,92%
Pasto con arborado	11,7	0,48%
Pasto arbustivo	158,9	6,58%
Especies Forestais	391,7	16,21%
Outros espazos non agrícolas	714,1	29,56%
TOTAL	2.415,9	100,00%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Como vimos anteriormente a pesca e os seus transformados é unha das cadeas con maior peso no conxunto do Concello de Cambados. Así, segundo o que se pode observar na Táboa 6, o peso desta cadea sobre o conxunto de Galicia , e tamén no conxunto provincial, é maior que no caso da agricultura. Pois a cadea da pesca cambadesa supón o 2.3% do total de empresas da cadea en Galicia e o 4% das empresas da provincia, ó que habería que engadir que representa o 1,4% da facturación galega do sector e máis do 2,2% da provincial, xerando aproximadamente o 1,7% dos postos de emprego do total da cadea, e o 3,22% do total provincial de empregos.

Táboa 6
Importancia da cadea de Pesca e Produtos
transformados do mar de Cambados sobre Galicia, 2010


	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Cambados	93.443€	439	13.421	52
Pontevedra	4.075.726 €	13.615	520.027 €	1.270
Galicia	6.510.773 €	25.636	896.330 €	2.265
Peso de Cambados sobre o total de Pontevedra	2,29%	3,22%	2,58%	4,09%
Peso de Cambados sobre o total de Galicia	1,43%	1,71%	1,49%	2.29%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Do mesmo xeito tamén é relevante ter en conta que este municipio conta cunha lonxa, na que se facturou durante o ano 2011 unha cantidade que excede os 7.700.000 Euros, e na

que os principais produtos son os que se amosan na Figura 11, e onde destacan aqueles ligados ó marisqueo e pesca de baixura (para comprobar os importes facturados por cada produto ver táboa 2 do Anexo II).

Figura 11
Principais produtos vendidos na lonxa segundo importe, 2011



Fonte: Pesca de Galicia

Outra das actividades que resulta clave para o municipio de Cambados é a vinculada ó Turismo, Ocio e Relacionados, así, segundo o anuario Caja España 2012, Cambados conta coa infraestrutura de acollida e recepción de visitantes recollida na Táboa 7, en onde se pode apreciar cómo no último ano aumentaron en xeral os establecementos dedicados a hospedaxe, mentres que os de restauración e comidas diminuíron a súa presenza no conxunto da Infraestrutura turística. Estes establecementos, segundo o IGE, teñen unha capacidade para acoller a máis de 750 persoas. Capacidade á que habería que engadir a ofertada polas 7 Casas Rurais das que se teñen constancia no municipio e que suman un total de 103 prazas segundo o propio IGE.

Táboa 7
Infraestrutura Turística, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Hoteis e Moteis	8	11	37,5%
Hostais e Pensións	4	5	25%
Fondas e Casas de Hóspedes	7	8	14.3%
Apartahoteis	1	1	0%
Restaurantes	30	29	-3.3%
Cafeterías	13	11	-15.4%
Cafés e Bares	133	127	-4.5%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Polo que respecta a importancia que a actividade turística cambadesa ten sobre a cadea no conxunto de Galicia, as cifras reflectidas na Táboa 8, a súa aportación ronda o medio punto porcentual, cifra que se eleva a máis do 1% na representatividade provincial.

Táboa 8
Importancia da cadea de Turismo, Ocio e Relacionados de Cambados sobre Galicia, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Cambados	7.603€	109	2.232€	40
Pontevedra	551.393 €	9.435	196.788 €	2.220 €
Galicia	1.543.202 €	27.809	586.830 €	5.638
Peso de Cambados sobre o total de Pontevedra	1,37%	1,15%	1,13%	1,80%
Peso de Cambados sobre o total de Galicia	0,49%	0.39%	0.38%	0,74%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Finalmente, en canto a estrutura do comercio no Concello de Cambados, segundo o que se observa na táboa Táboa 9, existen un total de 508 establecementos alí situados, de entre os que destacan os que realizan vendas de téxtil e calzado, e aqueles que teñen a súa venta especializada en fogar e bricolaxe, pois xuntos suman case o 25% dos comercios cambadeses.

Táboa 9
Estrutura do Comercio, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Frutas, Verduras e Tubérculos	1	6	500%
Cárnicos	9	10	11.1%
Peixe e derivados da pesca	29	31	6.9%
Pan, Pastelería e Confitería.	15	14	-6.7%
Viños e bebidas de todas clases	4	5	25%
Tabaco e produtos de fumador	24	17	-29.2
Alimentos e bebidas en xeral	34	32	-5.9%
Téxtil e calzado	61	63	3.3%
Farmacia e droguería	16	15	-6.3%
Fogar e Bricolaxe	68	62	-8.8%
Vehículos e recambios	31	29	-6.5
Combustibles	4	5	25%
Instrumentos musicais	1	0	-100%
Comercio mixto	39	46	18%
Outros comercios	46	47	2.2%
TOTAL	504	508	0.8%

Fonte: Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

- ***Asociacionismo e cooperación empresarial en Cambados:***

Á cooperación é un dos aspectos fundamentais no marco de pequenas empresas predominante no Concello de Cambados, dado que propicia o incremento das súas capacidades competitivas e mellora a súa eficiencia.

Unha das formas de cooperación empresarial tradicional e máis estendida é a constitución de asociacións empresariais, ben sectoriais ou ben máis xerais. Así, con motivo de coñecer cal é o entorno cooperativo e de asociacionismo actual no municipio de Cambados a continuación citaránse as principais asociacións detectadas:

- Comercio do Salnés: Este consorcio agrupa ás asociacións de comercio da zona do Salnés, e dentro da que se atopa a Asociación de Comercio Cambados Zona Centro. Esta asociación defínese a si mesma como unha “agrupación espacial de establecementos comerciais, de restauración e de ocio, que pretende ofrecer unha imaxe de calidade grazas á posta en marcha de servizos comúns, á implantación dunha imaxe corporativa, e á presentación conxunta e unitaria de actividades de ocio e animación cultural”.
- Asociación Adegas do Salnés
- Asociación de bodegueiros do viño tinto do Salnés.

A maiores de estas asociacións sectoriais, os empresarios de Cambados, tamén son representados a través de entidades con forte repercusión a nivel nacional como o Padroado Turístico Rías Baixas, a Denominación de Orixe Rías Baixas, ou o Consello Regulador do Mexillón co seu clúster do mexillón galego, entre outros.

Tamén é importante o asociacionismo empresarial de cambados a organizacións empresariais de ámbito provincial como son a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) ou a Cámara de Comercio de Vilagarcía.

Finalmente, empresas da localidade de Cambados, forman parte de clústers e Plataformas Tecnolóxicas como pode ser o Clúster da Alimentación de Galicia (CLUSAGA), a Plataforma Tecnolóxica Galega de Alimentación (PTGAL,) ou a Anfaco- Cecopesca.

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación .

• Centros de I+D+i no entorno de Cambados

A presenza de centros de Investigación, Desenvolvemento e Innovación , nunha determinada área ou nun sector de actividade, xera innumerables beneficios de cara ó tecido empresarial dese sector e da propia área de influencia na que se ubica. Entre os principais beneficios, destaca a idea de que impulsa e facilita a transferencia de coñecemento, representa ó sector e á área en foros internacionais e nacionais, e favorece a aplicación e posta en práctica dos desenvolvementos tecnolóxicos no sector do que forma parte, garantindo o “feedback”.

Nos arredores de Cambados, desenvolven a súa actividade varios centros e organismos de I+D+i. Así, pola súa especial vinculación coas actividades principais da vila cumpre sinalar os seguintes:

- O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) que ten un dos seus centros en Vilanova de Arousa, realiza labores de investigación orientada e aplicada, coa finalidade de lograr a xestión racional e eficaz dos recursos mariños renovables, no ámbito xeográfico de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Consello Regulador do Mexillón de Galicia, que ten a súa sede na veciña localidade de Vilagarcía de Arousa, e con moita actividade no propio municipio de Cambados, e que entre as súas funcións posúe a de realizar labores de investigación científica e comercial, así como formar ós empresarios e traballadores do sector, de tal forma que se fomenta a calidade do produto en Galicia e se facilite a súa promoción a nivel nacional e internacional.
- O Centro de Formación e Experimentación de Viticultura e Enoloxía (EVEGA) de Ribadumia, que desenvolve labores de asesoramento, orientación e ensaio especializados. Os seus servizos van dirixidos a particulares e a profesionais do sector. Estes traballos de experimentación permiten a adopción das novas tecnoloxías e procedementos nas mellores condicións técnicas e económicas.
- A estación Fitopatolóxica do Areeiro de Pontevedra e pertencente á Deputación de Pontevedra, que xorde co fin de buscar solución ós problemas fitosanitarios que van xurdindo nos cultivos.
- O campus Universitario de Pontevedra, pertencente a Universidade de Vigo, tamén incrementa as posibilidades de transferencia do coñecemento e posibilita e acerca as relacións universidade – empresa ó núcleo territorial de Cambados.

- *Algúns proxectos de I+d+i empresariais en Cambados*

As empresas son unha parte moi importante e indispensable á hora de levar a cabo e implantar proxectos de I+D+i dentro dos seus ámbitos de actuación, dado que son as encargadas de que os proxectos xestados en centros de investigación se convertan en realidade. Así, no marco do tecido empresarial de Cambados, existen empresas que colaboran activamente e apoian este tipo de proxectos.

Así, por exemplo no terreo da innovación no sector vitivinícola, a propia Deputación de Pontevedra, en colaboración con varias adegas do municipio de Cambados (Martín Códax e Condes de Albarei), está a desenvolver o proxecto LIFE ATLANTIC VINEYARDS, que pretende demostrar a viabilidade e a necesidade de implantar a produción sostible de viño nos viñedos da Denominación de Orixe Rías Baixas, reducindo riscos económicos e os impactos medioambientais.

Tamén no marco do sector vitivinícola, adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas, algunhas delas do municipio de Cambados, están a participar no que se ven considerando como o “proxecto de investigación vinícola máis importante de Galicia”. Este proxecto desenvólto en conxunto con outras adegas pertencentes ás diferentes denominacións de orixe galegas. Así o estudo, que comezou recentemente, desenvolverase durante as vendimas do 2012 ó 2013 e enmárcase dentro do proxecto de investigación INNTER GAL ENO 2012, buscando situar a Galicia na vangarda da tecnoloxía e da xeración de coñecemento no sector vitivinícola nacional, dado que os seus principais obxectivos son:

- Elaborar viños diferenciados e de alta calidade.
- Redeseñar os procesos de fabricación para reducir os custes de produción.
- Adaptar os cultivos de cada variedade, ás condicións climáticas concretas de cada viñado.
- Previr enfermidades e mellorar os marxes de comercialización.

Así, un dos aspectos clave de INNTER GAL-ENO 2012-2014 pasa por un rediseño dos procesos, con criterios de ecoeficiencia, con obxecto de conseguir unha produción sostible que contribúa a aumentar a competitividade das empresas, reducindo os seus custes de produción, e os posibles riscos para a saúde derivados da presenza de residuos potencialmente tóxicos nos produtos que comercializan.

4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDIMIENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE CAMBADOS

A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia

Antes de tratar dunha forma explícita as características do emprendemento no Concello de Cambados, compre coñecer cáles son as principais **características dos emprendedores e do emprendemento en Galicia**. Así, segundo o Informe GEM Galicia 2010, os emprendedores galegos presentan unha serie de rasgos básicos. Por exemplo, parece evidente que o porcentaxe de homes é maioritario en todas as fases do proceso emprendedor, quedando patente a gran diferenza que existe entre sexos, se ben o número de mulleres que decidiron poñer en marcha unha experiencia deste tipo incrementouse paulatinamente nos últimos anos.

En canto á idade media dos emprendedores galegos, esta incrementouse practicamente en todas as fases do proceso, resultando as cifras que se poden comprobar na Táboa 10. Tendo en conta isto, é importante destacar o feito de que a presenza de emprendedores entre 24 e 34 anos é cada vez menor en todas as fases do proceso.

Táboa 10
Idade media do emprendedor segundo a fase do proceso emprendedor, 2010

	Emprendedor Potencial	Emprendedor Nacente	Novo Emprendedor	Emprendedor Incipiente	Emprendedor Consolidado	Emprendedor que abandonou
Idade Media	38	46	38	40	45	42

Fonte: Informe GEM Galicia 2010

Tamén é relevante coñecer o nivel formativo dos emprendedores galegos. Así, entre os emprendedores potenciais destacan aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, seguidos daqueles que tan só posúen estudos obrigatorios e dos que posúen formación universitaria. Por outro lado, unha das habilidades clave que ten que posuír un emprendedor para desenvolver o seu proxecto con éxito é a formación vinculada á creación e xestión empresarial. Sen embargo, e pese a isto, o nivel de formación específica para todo tipo de emprendedores diminúe con respecto ós anos anteriores.

Finalmente, polo que respecta ó entorno preferido polos emprendedores para establecer a súa idea de negocio, é o entorno urbano, en onde o porcentaxe de implantación supera o 80%, diminuindo ademais o número de abandonos neste ámbito. No outro lado da balanza sitúanse as iniciativas desenvoltas no entorno rural onde diminuiron máis dun 50% as iniciativas nacentes e aumentou considerablemente o abandono de iniciativas.

En definitiva, o perfil predominante do emprendedor en Galicia coincide co dun home ó redor dos 41 anos, que reside nun entorno urbano e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre aqueles que posúen estudos de formación profesional.

Centrándose xa nas **características das propias iniciativas emprendedoras en Galicia**, en primeiro lugar farase referencia ó sector xeral no que se sitúan, e é que os servizos orientados ó consumo continúan a ser o sector maioritario, sen embargo, a importancia do seu peso descendeu, sendo o sector dos servizos a empresas o que máis creceu en todas as fases e o sector extractivo o que máis diminuíu a súa presenza. Pola súa parte, o sector transformador reduciu a súa presenza na actividade incipiente, pero pola contra aumentouna nas iniciativas consolidadas.

Si se fala das dimensións das iniciativas, destacan as apostas individuais, reducíndose o número medio de propietarios en todas as fases. En termos de emprego, aumentan as iniciativas que non contan con empregados en todas as fases do proceso, trátase polo tanto de iniciativas orientadas ó autoemprego, que non son xeradas con vocación de crecemento e expansión de emprego.

Outro dato de relevancia que caracteriza ó emprendemento nun territorio, é o nivel de innovación e de uso das novas tecnoloxías. No caso galego, a falta de innovación caracteriza ó 80% das iniciativas, con independencia da etapa do proceso emprendedor na que se atopen. Deste modo, a porcentaxe de iniciativas nacentes que recoñecen certo grao de innovación reduciuse notablemente. Como consecuencia deste feito, os proxectos emprendedores de Galicia, teñen unha presenza nula ou escasa en sectores tecnolóxicos o que vai en detrimento da produtividade das iniciativas galegas e afectan negativamente á súa competitividade. Ademais, a previsión de expansión e internacionalización que presentan as iniciativas que xorden en Galicia é moi reducida, sendo os emprendedores nacentes os que se amosan máis optimistas ó respecto. Pese a isto, outro feito destacable das iniciativas emprendedoras de Galicia e que, exceptuando as iniciativas novas, a porcentaxe de proxectos que teñen o exterior como obxectivo aumentou sensiblemente.

En conclusión, pódese dicir que continúan a ser maioritarias as iniciativas de servizos orientadas ó consumo promovidas por propietarios individuais. A escasa innovación na oferta e a percepción de moita competencia no entorno é outra das conclusións que se extrae do Informe GEM Galicia 2010, onde como aspecto positivo se remarca o feito de que cada vez son máis os emprendedores que ven na internacionalización unha perspectiva de futuro.

B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Cambados

Para a realización deste epígrafe recorreuse á información proporcionada por diversas entidades de ámbito local, como o propio Concello de Cambados, o GAC Ría de Arousa e o GDR O Salnés, ou a Mancomunidade de Municipios do Salnés, recollendo tamén información proporcionada polo IGAPE. Así, a través destes datos tentarase ofrecer unha visión da situación global do emprendemento nesta vila.

Deste xeito, en materia de creación de empresas durante o presente ano 2012 o IGAPE- BIC Galicia, colaborou e apoiou a posta en marcha de cinco novos proxectos de emprendemento concretos na comarca do Salnés, en ámbitos tan dispares como a agricultura, os servizos ou a atención socio sanitaria entre outros, algúns dos cales xa están en funcionamento, esperándose que a principios do vindeiro anos se poñan en marcha os demais.

En canto ó ámbito propio da vila de Cambados, dende os servizos de orientación laboral e do departamento de emprego do Concello de Cambados, no que vai do ano 2012 asesoraron e informaron a preto de 200 persoas, tanto en materia de emprendemento como de emprego. Neste senso cumpre destacar aquelas consultas máis directamente relacionadas coa materia obxecto deste Foro de Iniciativas Locais, como as que se amosan na Táboa 11.

Táboa 11
Consultas recibidas polo servizo de orientación laboral e emprego do Concello de Cambados 2012

TEMA	TOTAL APROXIMADO
Tipoloxía de Empresas (Fórmula Xurídica)	32
Subvencións e Axudas á creación de novas empresas.	40
Axudas e Subvencións para a contratación de persoal	10
Cooperativismo	11
Formación	53

Fonte: Concello de Cambados.

De todas as consultas recibidas dende este departamento do Concello de Cambados, extráese unha serie de conclusións sobre as características dos emprendedores e o emprendemento na vila:

- **A maioría dos emprendedores potenciais sitúanse entre os 30 e os 45 anos de idade.**
- **Preto do 80% son mulleres**
- **Os sectores nos que se sitúa o emprendemento son: Mar, Agrario e Servizos.**

Se se comparan estes datos cós ofrecidos con anterioridade para o conxunto de Galicia, pódese comprobar como apenas hai diferenzas en canto á franxa de idade dos emprendedores. Sen embargo onde sí se aprecian diferenzas é no sexo dos emprendedores, pois no conxunto de Galicia, predomina o sexo masculino nas diferentes fases do proceso emprendedor, namentres que no Concello de Cambados o emprendedor potencial é feminino.

Polo que respecta ás demandas de formación para o emprego, segundo os datos do propio Concello, as temáticas máis demandadas son aquelas relacionadas coas novas tecnoloxías (teleservizos, software específicos ou informática e telecomunicacións entre outros), o medioambiente, ou o acceso a formación empresarial xeral (técnicas de produción, ampliación de mercados, dereito laboral ou comercio exterior entre outros).

Do mesmo xeito, os principais xacementos de emprego detectados polo técnicos de desenvolvemento local, xiran en torno a temáticas non moi dispares ás do resto do territorio galego como poden ser as novas tecnoloxías de información (aplicacións telemáticas, comercio electrónico...), os servizos de mellora da vida, e os servizos relacionados co medio ambiente (xestión de residuos, da auga, mantemento de zonas naturais, enerxías renovables...).

A parte de esta información de carácter xeral sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Cambados, é fundamental destacar a labor que exercen determinados organismos de carácter comarcal de cara ó fomento do emprego e o emprendemento na comarca. Así, entre outros estes son a Mancomunidade do Salnés, o Grupo de Desenvolvemento Rural do Salnés e o Grupo de Acción Costeira Ría de Arousa.

A acción destes entes está encamiñada á realización de proxectos que fomenten o emprego e o emprendemento na súa área de actuación. Así, destacan proxectos como os que se citan a continuación en colaboración empresas ou entidades do entorno:

- Proxectos no ámbito do sector pesqueiro e dos seus transformados, relacionados coa comercialización de novos produtos ou a calidade e a seguridade na cadea alimentaria e pesqueira desenvoltos polo GAC en colaboración coa Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados.
- Proxectos no ámbito do sector agrario e vitivinícola, que teñen que ver co desenvolvemento do agroturismo, e a innovación na exposición e venda dos produtos en adegas, levados a cabo polo GDR en colaboración con empresas da vila.

- Proxectos de fomento do emprego e o desenvolvemento comarcal como a creación da axencia de desenvolvemento comarcal, o plan integrado de emprego “Emprega Salnés” ou a realización de diversos obradoiros de emprego por parte da Mancomunidade do Salnés.

5. SÍNTESE DO FORO CELEBRADO EN CAMBADOS.

A. Intervencións dos Compoñentes da Mesa

Durante o foro celebrado o día 9 de Novembro de 2012 no Auditorio da Xuventude en Cambados, interviron tal e como estaba previsto representantes, tanto do eido público local, como do tecido empresarial e da universidade.

En primeiro lugar abriron a sesión os representantes das Administracións Públicas Locais, D. Luís Aragunde (Alcalde do Concello de Cambados) e D. Rafael Louzán (Presidente da Deputación de Pontevedra), manifestando ambos o seu compromiso co desenvolvemento empresarial, o emprendemento e a xeración de emprego, e insistindo na necesidade da celebración destes Foros de Iniciativas Locais, como unha excelente ferramenta na que as Administracións se acerquen e abran á sociedade para que esta lles plantexe os seus principais problemas e preocupacións. Tamén se sinalou a importancia da coordinación e colaboración entre todos os axentes locais, como unha das mellores maneiras de facerlle fronte ó actual contexto no que se moven tanto os cidadáns, como as empresas e incluso as Administracións Públicas.

Seguidamente, tras estas intervencións e despois dunha breve explicación dos obxectivos do foro e dos contidos deste informe sobre os recursos e capacidades que posúe a vila de Cambados para o desenvolvemento empresarial, o emprendemento e o emprego, realizada por parte do Profesor da Universidade de Vigo D. Pedro Figueroa, na que ademais se sinalou a importancia destes foros como unha antena de escoita ós cidadáns, e como exemplo de colaboración entre a Universidade, a Empresa e as Administracións Públicas, procederon a ofrecer a súa visión sobre as posibilidades e potencialidades de Cambados os representantes do tecido empresarial local.

Así, en primeiro lugar, D. Juan Vázquez Gancedo Director Xerente de Adegas Martín Códax e viticultor sinalou a importancia e as potencialidades que está a amosar o modelo cooperativo na zona do Salnés, onde se sitúan catro das cooperativas máis potentes da Denominación de Orixe Rías Baixas. Ademais sinalou que segundo se puido constatar no congreso de cooperativas españolas, celebrado en Lérida, a boa saúde deste modelo é unha característica común, de tal xeito que “seguen crescendo e xerando emprego”. O propio Juan Vázquez defendeu que o modelo cooperativo agrario, serve para poñer en valor as materias primas do entorno local, e axudan a fixar a poboación no medio rural, sendo segundo as súas palabras “o sector agrario o sector que máis futuro ten”.

O traballo asociativo que rexe as cooperativas nas que todos se implican, obtén uns resultados óptimos grazas ó máximo celo posto na consecución da mellor calidade e multiplica

a rendibilidade ó eliminar a cadea de intermediarios entre os produtores e os destinos finais. Por outra banda e dentro dos mercados globalizados, tal e como se expresou no transcurso do foro, “as oportunidades atópanse nas producións locais, nos nichos e espazos que deixan baleiros os grandes comercializadores e multinacionais”.

En canto ás oportunidades de negocio detectadas por este empresario na propia vila de Cambados, estas situaríanse en torno á diferenciación do local fronte ó global, dado que o consumidor actual aprecia moito máis os produtos diferenciados asociados a algún valor (ecolóxico, natural, tradicional...). Partindo desta premisa, os produtos ecolóxicos teñen un gran futuro, ampliado grazas ás posibilidades que ofrece o comercio electrónico e a venda por internet, un xeito de venda que non deixa de medrar.

Ademais, tamén se expresou a idea de que sendo esta comarca unha das comarcas con un maior potencial turístico de Galicia, deberíase explotar máis o “turismo de IV xeración, onde os visitantes buscan sensacións e ser partícipes de experiencias, para o cal é preciso que todos se impliquen”.

Finalmente e para cerrar a súa intervención salientouse a necesidade de que para saír desta situación, é preciso botar man de nichos moi especializados, pero sobre todo facer uso da creatividade e do inxenio. Así, por exemplo sinalou o caso do deseño de etiquetas para as botellas de viño, onde tan só existen dous estudos especializados no mundo, situándose un deles no Concello de Cambados.

Centrándose xa na intervención de D. José Aragunde, impulsor de varios negocios na vila como a Pensión Vinoteca Ribeira de Fefiñáns, este salientou as fortalezas e potencialidades que amosa a vila para o desenvolvemento empresarial e o emprendemento, así manifestou que “os puntos fortes de Cambados son a horta, o marisqueo, a vitivinicultura e o turismo”, de tal xeito que as novas iniciativas deberían sacarlle o maior proveito, “combinando as posibilidades dos sectores de actividades e fomentando os negocios mixtos e innovadores”.

Do mesmo xeito, tamén sinalou que é necesario innovar nos negocios que se emprendan, sendo preciso pensar no consumidor que vai a aparecer despois da crise, e tentando sacar pequenas oportunidades da conxuntura económica. Se ben, tamén resaltou a importancia de esquecerse da “cultura das subvencións para todo”, segundo as súas propias palabras, “nestes momentos é preciso emprender, pero non vale calquera emprendemento, é preciso facelo moi ben e dun xeito moi articulado, para que poida levarse a cabo e sacarlle ó máximo rendemento ás iniciativas”.

Deste xeito, este emprendedor cambadés sinalou que un dos maiores problemas que se atopan os que coma el queren por en marcha un negocio, é o problema do acceso ó financiamento. Así, segundo se sinalou con posterioridade durante o coloquio do Foro de Iniciativas Locais de Cambados, algunha das fórmulas máis plausibles na actualidade para ó acceso a este financiamento e acudir as redes de “Business Angels” ou ás sociedades de capital risco.

Finalmente, e como punto final a súa intervención José Aragunde, non quixo esquecerse de recordar que a clave para por en marcha unha iniciativa con éxito, é “posuír un gran coñecemento do sector no que se inicie a aventura empresarial”, e amosar “un gran entusiasmo e optimismo”.

B. Intervencións derivadas do Coloquio

Tras a intervención dos invitados ó Foro de Iniciativas Locais, unha parte do público asistente ó mesmo, manifestou a súas dúbidas e inquietudes con referencia ó desenvolvemento empresarial, ó emprendemento e á xeración de emprego, na comarca do Salnés, e máis concretamente no Concello de Cambados.

Así, para iniciar o coloquio, unha parte do público asistente interesouse nas iniciativas concretas postas en marcha polos axentes públicos locais, para a potenciación do emprego e o emprendemento nos seus ámbitos de actuación. Deste xeito, D. Luís Aragunde alcalde de Cambados, manifestou a intención de por en funcionamento en menos de seis meses unha nave no Polígono Industrial Sete Pías a modo de viveiro empresarial, a disposición dos emprendedores da vila que queiran iniciar o seu negocio. Por outra banda, e segundo sinalou o propio Presidente da Excelentísima Deputación de Pontevedra D. Rafael Louzán, o organismo que el preside, vai poñer en marcha o vindeiro ano 2013 un programa mediante o cal se pretende que 500 titulados, licenciados e graduados teñan o seu primeiro contacto co mundo empresarial, a través dun contrato en practicas dun ano de duración.

Por outra parte, os asistentes ó acto, tamén insistiron na necesidade de revalorizar as producións propias da zona, destacando e informando sobre os beneficios de traballar con produtos locais fronte ós foráneos, dado que así a riqueza reverterá directamente sobre a poboación local.

Noutro bloque de intervencións, máis relacionada coa proposta de ideas concretas e a detección de potencialidades do territorio, foron moitas as ideas que xurdiron durante o Foro de Iniciativas Locais de Cambados. Así por exemplo pódense citar sectores en torno ó que están aparecendo numerosas oportunidades como o Network Márketing, sector no que practicamente todos os compoñentes da mesa, se amosaron de acordo en sinalar o seu

potencial, a través da especialización e do comercio electrónico e Redes Sociais, que ofrecen novas posibilidades e campos de mercado aínda por explotar.

No eido dun dos sectores nos que Cambados amosa unha maior fortaleza, como é o mar, tamén xurdiron ideas de emprendemento en torno ó aproveitamento de recursos sen explotar, como as Algas, algo que segundo os compoñentes da mesa, se vería con bos ollos, se é unha iniciativa planificada e organizada, dado os múltiples usos de este produto tanto no sector alimentario, como no sector farmacéutico ou cosmético. Outro dos sectores con maior presenza na zona é o sector vitivinícola, así entre os asistentes xurdiron iniciativas de amparar a produción de Tinto do Salnés, baixo unha Indicación Xeográfica Protexida (IXP). Por outra banda, tampouco deixaron de xurdir ideas en torno ó turismo, outro dos puntos fortes de Cambados, así destacan ideas relacionadas co turismo deportivo, ou o turismo cultural, aproveitando o interese dos visitantes tanto españois como estranxeiros en coñecer os modos de vida vinculados á cultura mariñeira e ó sector vitivinícola entre outros.

Un dos sectores que está a experimentar un maior crecemento nos mercados actuais é o das enerxías renovables, sector en torno o cal tamén xurdiu o debate no Foro de Iniciativas Locais, posto que se considerou que sendo esta unha zona con potencial para a súa produción (biomasa, aproveitamento de augas termais, solar ou maremotriz entre outras), sería unha pena non poder aproveitalas en diversas instalacións municipais e como aliciente para a creación de novas empresas. Neste senso, os representantes das Administracións Locais amosáronse totalmente comprometidos coa extensión do uso das enerxías renovables e da eficiencia enerxética.

Finalmente, en canto ó terceiro bloque de intervencións nas que se dividiu o coloquio, tamén xurdiron ideas en torno a cómo pode a Administración Pública axudar ó desenvolvemento empresarial, o emprendemento e a xeración de emprego. Así, por exemplo destacaron ideas en torno á unificación de taxas e criterios dentro dunha mesma provincia, para a posta en marcha de novas empresas, racionalizando os criterios e facilitando a flexibilidade para o cumprimento de certos requisitos. De igual forma, tamén apareceron iniciativas vinculadas ó non adiantar o IVE antes de cobrar a factura, ou a exención de impostos ata a obtención de beneficios ou nunha etapa inicial do emprendemento, e tamén incluso á hora de pagar taxas sobre o uso do dominio público, como sucede por exemplo nas terrazas dos locais de hostelería.

Outra das demandas xurdidas durante o transcurso do foro en relación con este terceiro bloque temático, foi a de tentar obter un grao maior de coordinación e colaboración entre todos os entes e organismos con competencias sobre o campo do emprendemento e o emprego na provincia.

C. Cadro resumo do Foro

NOVAS INICIATIVAS DOS ENTES LOCAIS

Deputación de Pontevedra:

Durante o ano 2013 porase en marcha un programa mediante o que se 500 licenciados e graduados terán o seu primeiro contacto co mundo empresarial, a través dun contrato en prácticas de un ano de duración.

Concello de Cambados:

Dende o Concello en un prazo de máis ou menos seis meses, porase en funcionamento unha nave no polígono industrial de Sete Pías, a modo de viveiro empresarial, a disposición dos emprendedores da vila que decidan empezar alí o seu negocio.

CÓMO PODEN AXUDAR AS ADMINISTRACIÓNS?

- Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego.
- Unificación a nivel provincial de criterios e taxas dos concellos que afectan ás empresas e as iniciativas emprendedoras.
- Exención ou diminución de taxas ou impostos ata a obtención de beneficios ou polo menos nunha etapa inicial do emprendemento.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO

En Xeral:

- Revalorizar as producións locais mellorando a súa presentación, incrementando o grao de transformación e impulsando a xeración de novos produtos, orientados a mercados non só locais (nacional e internacional), de tal xeito que aumente o valor engadido e a riqueza xerada quede no territorio. Especial referencia á produción ecolóxica.
- Especialización das empresas en nichos ou ámbitos moi concretos, con vocación de “ser os mellores ou os únicos”, e cunha ampla visión de mercados xeográficos.

En concreto:

- **Mar:** Iniciativas en torno ó aproveitamento de algas para a industria alimentaria, farmacéutica, cosmética,...
- **Viño:** Valorización do Viño Tinto do Salnés.
- **Enerxía:** Xurdimento de empresas relacionadas coa eficiencia enerxética e as enerxías renovables (biomasa, augas termais, xeotermia, maremotriz,...)
- **Turismo:** Empresas relacionadas co turismo de IV gama, de experiencias e sensacións, a máis do turismo deportivo, cultural ou etnográfico.
- **Comunicación e TIC:** *Network Marketing* e comercio electrónico.

PREGUNTAS DE CARÁCTER XERAL:

1ª Existe na AA.PP algún organismo ó que poidan acudir os emprendedores a nivel local para recibir asesoramento no cumprimento de trámites , posibles axudas, etc. ?

No ámbito máis próximo ó cidadán, o do propio concello existe a posibilidade de acudir ós servizos prestados tanto polos Axentes de Desenvolvemento Local (ADL) ou polos técnicos de emprego e orientadores laborales.

A nivel comarcal, tamén é posible acudir á Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa, que ademais conta cunha incubadora de empresas, hoxe totalmente ocupada pero con previsión de dispoñibilidade de espazo no vindeiro ano 2013. Tamén a este nivel se pode acudir ós Grupos de Acción Costeira (GAC) ou Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que orientan o desenvolvemento e a posta en marcha de proxectos dentro do seu ámbito de actuación.

A nivel provincial, a Deputación de Pontevedra, tamén conta con servizo de asesoramento e emprego.

2ª Onde podo acudir para informarme sobre posibilidades de inversión e financiamento?

A máis das anteriores entidades, nun ámbito próximo tamén se pode acudir as oficinas que o IGAPE posúe en Pontevedra, e á propia Consellería de Traballo tamén en Pontevedra.

3ª En caso de ter una idea/invento que tipo de axuda se pode ter da Universidade?

Na Universidade de Vigo as cuestións relacionadas co emprendemento dependen da Vicerreitoría de Transferencia (<http://transferencia.uvigo.es/>):

- Área de Emprego: dirixida a orientación de recén titulados egresados da Universidade. Neste senso é interesante coñecer o proxecto INCUVI, incubadora de empresas da Universidade.
- OTRI (<http://www.uvigo.es/uvigo.es/administración/otri/>) : dirixida ó apoio ó persoal docente e investigador que se plantexa a creación dunha spin-off . Esta oficina pode por en contacto ó “inventor” cos grupos de investigación da Universidade que poden axudar no desenvolvemento tecnolóxico da idea

4ª Existe una rede en Galicia en torno os chamados “Bussiness Angels”? . Se é así cómo se pode dar a coñecer o proxecto e presentalo a estes posibles inversores?

XESGALICIA (IGAPE) que é unha sociedade xestora das entidades de capital risco galega, financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas. Actualmente está propiciando a posta en marcha de unha REDE DE BUSSINESS ANGELS GALEGA (emprendedores@xesgalicia.org).

ANEXO

I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Cambados

Táboa 1
Evolución do número de empresas segundo estrato de asalariados 2005-2010

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
sen asalariados	600	568	627	652	652	661
de 1 a 2 asalariados	253	293	267	275	305	277
de 3 a 5 asalariados	106	101	106	103	104	97
de 6 a 9 asalariados	48	43	57	56	48	47
de 10 a 19 asalariados	38	45	37	38	33	27
de 20 a 49 asalariados	18	18	23	27	24	21
de 50 a 99 asalariados	2	1	2	2	1	3
de 100 a 249 asalariados	0	0	0	0	0	0
de 250 ou máis asalariados	0	0	0	0	0	0
TOTAL	1.065	1.069	1.119	1.153	1.167	1.133

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Táboa 2
Principais produtos vendidos na lonxa segundo importe 2011

Descrición	Quilos	Importe €
Ameixa fina	89890,3	1.818.202 €
Ameixa babosa	115126,8	1.673.312 €
Ameixa xaponesa	126015,1	882.370 €
Choco	75751,75	426.014 €
Ameixa rubia	47737,9	416.740 €
Volandeira	115418,75	349.852 €
Berberecho	66867,1	320.280 €
Xurelo	231712,5	287.354 €
Centola	13013,65	224.309 €
Sardiña	169187,5	212.140 €
Xarda pintada	149787,5	129.851 €

Fonte: Pesca de Galicia

Táboa 3
Principais magnitudes económicas das empresas de Cambados 2010¹

Cadena ²	Facturación	% Facturación	Empleados	% Empleados	Valor Agregado	% Valor Agregado	Número Empresas	% Empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	93.443	33,56%	439	20,72%	13.421	21,63%	52	11,35%
02 Forestal y productos Transformados de la madera	6.901	2,48%	67	3,16%	1.209	1,95%	12	2,62%
03 Agricultura Ganadería y sus Transformados	53.192	19,11%	253	11,94%	9.808	15,80%	46	10,04%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	2.805	1,01%	3	0,14%	678	1,09%	2	0,44%
05 Automoción	7.019	2,52%	61	2,88%	1.358	2,19%	20	4,37%
06 Construcción y Reparación Naval	2.949	1,06%	69	3,26%	1.586	2,56%	6	1,31%
07 Química-Farmacéutica	2.969	1,07%	43	2,03%	979	1,58%	5	1,09%
08 Téxtil-Confección-Moda y Complementos	2.575	0,93%	24	1,13%	1.306	2,10%	10	2,18%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	35.423	12,72%	462	21,80%	11.689	18,84%	155	33,84%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	7.603	2,73%	109	5,14%	2.232	3,60%	40	8,73%
11 Información, Cultura y Audiovisual	4.686	1,68%	59	2,78%	1.979	3,19%	10	2,18%
12 Comercio y Distribución no específicos	9.927	3,57%	70	3,30%	1.467	2,36%	31	6,77%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	20.241	7,27%	146	6,89%	5.040	8,12%	13	2,84%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	16	0,01%	1	0,05%	9	0,01%	1	0,22%
16 Energía	3.142	1,13%	10	0,47%	415	0,67%	2	0,44%
17 Logística Y Transporte	22.489	8,08%	229	10,81%	7.175	11,56%	21	4,59%
18 Servicios Financieros	416	0,15%	14	0,66%	274	0,44%	8	1,75%
19 Educación y Salud	1.510	0,54%	33	1,56%	788	1,27%	10	2,18%
20 Otras actividades en general	1.025	0,37%	25	1,18%	614	0,99%	13	2,84%
Administraciones Públicas	69	0,02%	2	0,09%	31	0,05%	1	0,22%
Total general	278.399	100,00%	2.119	100,00%	62.056	100,00%	458	100,00%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

¹ Só se inclúen as empresas domiciliadas na localidade de Cambados con obriga de presentar as súas contas.

² A metodoloxía de cadeas empresariais contempla na mesma as actividades relacionadas coa produción/extracción, a transformación e a comercialización específica, conformado o comercio NON específico unha cadea diferente. Así por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura.

Táboa 4
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Galicia segundo cadea, 2010

Cadena	Facturación	Empleados	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	8,26%	4,51%	4,63%	2,86%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	2,71%	3,89%	3,11%	3,54%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	7,58%	6,12%	5,10%	5,81%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,68%	1,33%	1,06%	0,88%
05 Automoción	12,31%	6,65%	7,62%	3,82%
06 Construcción y Reparación Naval	1,68%	1,45%	1,11%	0,44%
07 Química-Farmacéutica	2,89%	1,87%	2,12%	1,24%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	15,15%	9,16%	16,17%	3,42%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	18,09%	22,03%	20,15%	34,14%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,96%	4,89%	3,03%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	1,10%	2,22%	1,51%	3,23%
12 Comercio y Distribución no Específicos	8,24%	7,53%	5,00%	7,73%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	7,67%	6,75%	6,57%	4,56%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	1,06%	2,16%	1,88%	1,47%
15 Medioambiente	0,15%	0,24%	0,24%	0,20%
16 Energía	2,33%	0,97%	3,87%	2,40%
17 Logística y Transporte	3,71%	5,63%	6,41%	4,20%
18 Servicios Financieros	1,58%	1,57%	3,88%	3,84%
19 Educación y Salud	1,43%	4,30%	3,18%	3,57%
20 Otras Actividades en General	1,40%	6,64%	3,30%	5,47%
AAPP	0,02%	0,08%	0,05%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Táboa 5
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Pontevedra segundo cadea, 2010

Cadea	Facturación	Empleos	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	14,17%	6,41%	8,18%	4,07%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	1,27%	2,86%	1,69%	3,26%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	5,45%	5,73%	4,17%	5,09%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,92%	1,42%	1,19%	1,06%
05 Automoción	26,54%	11,83%	17,57%	3,84%
06 Construcción y Reparación Naval	4,28%	2,42%	2,60%	0,76%
07 Química-Farmacéutica	2,92%	2,52%	3,35%	1,26%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	1,81%	3,26%	1,99%	3,32%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	16,68%	21,64%	21,06%	34,05%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,92%	4,44%	3,10%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	0,96%	1,89%	1,46%	3,03%
12 Comercio y Distribución no Específicos	7,16%	6,81%	5,05%	8,13%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	6,38%	7,43%	7,58%	5,00%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	0,52%	1,58%	0,81%	1,39%
15 Medioambiente	0,13%	0,21%	0,19%	0,19%
16 Energía	1,24%	0,72%	1,15%	1,68%
17 Logística y Transporte	3,47%	5,49%	5,69%	4,11%
18 Servicios Financieros	1,29%	1,59%	5,20%	3,74%
19 Educación y Salud	1,67%	5,40%	4,44%	3,37%
20 Otras Actividades en General	1,20%	6,29%	3,49%	5,48%
AAPP	0,02%	0,07%	0,04%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI